

Avogacia.org (CAG)

-- Consello - Vida profesional --

Vida profesional



**A avogacía compostelá polo dereito  
a usar a lingua propia de Galicia**

venres 2 de maio do 2008

## NOTA DE PRENSA

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2008. A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o 29/04/2008, por iniciativa da Agrupación de Xoves Avogados de Compostela, tomou o seguinte acordo:

*"En relación coa polémica suscitada nas últimas semanas polo uso do galego nos tribunais de xustiza e facendo propias as declaracións emitidas no seu día polo conxunto da avogacía compostelá, esta Xunta de Goberno quere recordar que:*

- 1. Avogamos polo dereito a usar a lingua propia de Galicia na vida pública e privada.*
- 2. Avogamos por unir esforzos con todos os operadores xurídicos que actúan no ámbito da xustiza co fin de acadar a normalización efectiva da nosa lingua.*
- 3. Avogamos por eliminar todos os obstáculos que impiden o uso libre do galego no exercicio profesional e rexeitamos expresa e rotundamente toda actividade ou actitude que trate de utilizar este dereito como arma xurídica.*
- 4. Avogamos por contribuír ao prestixio e ao enriquecemento do galego xurídico asumindo de noso este reto.*

*Así mesmo, ofrecemos o noso apoio e solidariedade a todos aqueles operadores xurídicos que vexan menoscabados os anteriores propósitos. Neste senso, consideramos especialmente correcta a actuación da maxistrada D.<sup>a</sup> Ana López-Suevos Fraguela e solicitamos unha condena rotunda contra todos aqueles que pretendan alterar os obxectivos enunciados."*